

EXTRACTO DA CONVOCATORIA

SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA PARA A REALIZACIÓN DE VISITAS GUIADAS ÁS COVAS DO PICO SACRO.

Extracto das bases da axuda nominativa aprobada por acordó de Xunta de Goberno Local o día 4 de agosto de 2025 pola que se acorda a realización da actividade “visitas guiadas ás covas do Pico Sacro” en colaboración coa Federación Galega de Espeleoloxía e outorgar unha subvención nominativa para o cofinanciamento de dita actividade.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Sede Electrónica deste concello (<https://sede.boqueixon.es>).

1. Obxecto e finalidade da axuda.

O obxecto e finalidade desta axuda é establecemento dun acordo polo que o Concello de Boqueixón se compromete a desenvolver xunto coa Federación Galega de Espeleoloxía un programa de visitas guiadas culturais, deportivas e turísticas nas covas do Pico Sacro e a regulamentación das citadas visitas entre o público en xeral, deportistas, clubs deportivos, entidades culturais e deportivas, cos seguintes fins:

1. Posta en valor e difusión do patrimonio cultural e histórico do Pico Sacro e das covas.
2. Facilitar o coñecemento e fomentar o coidado medio ambiental do Patrimonio Natural das Covas do Pico Sacro e o seu entorno ó público en xeral e ós centros educativos como entidades.
3. Contribuír a mellorar o deporte base e formar ós federados en espeleoloxía, baixo 3 ideas: deporte como saúde, fomentar a educación sobre esta disciplina e mellora da práctica deportiva.
4. Fomento do deporte na natureza e da vida saudable baseado no respecto polo patrimonio natural.
5. Promoción a nivel turístico do patrimonio xeolóxico pero baseada na protección e fomento do coidado do medioambiental.

2. Natureza xurídica.

Esta axuda ten carácter de subvención e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

3. Beneficiarios/as.

Federación Galega de Espeleoloxía.

4. Gastos subvencionables. Importe e financiamento.

Son gastos subvencionables os relacionados no punto 2 do acordo de aprobación da axuda (Acordo de Xunta de Goberno Local 04/08/2025) e na cláusula 2 do convenio regulador destas axudas.

Importe máximo da convocatoria: 148,36 euros.

As subvencións concedidas financiaranse con recursos propios municipais con cargo á aplicación orzamentaria 432- Información e Promoción Turística 48002- Subvención á Federación Galega de Espeleoloxía do orzamento municipal 2025.

Período subvencionable: 16 de agosto de 2025.

5. Prazo de xustificación.

Os prazos de xustificación aparecen recollidos na cláusula 2 do convenio regulador destas axudas e no punto 2 do acordo de aprobación da axuda (Acordo de Xunta de Goberno Local 04/08/2025).